

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DAS MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E O PROXECTO BERRANDO AO MUNDO DE INTERVENCIÓN CON ADOLESCENTES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, don Francisco Rodríguez Míguez na súa condición de representante legal da Fundación Juan Soñador, co NIF G24452435, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigos 25.6 dos seus estatutos e segundo resulta da escritura de poderes número dous mil trescentos vinte e cinco outorgada en León ante o Notario D. Gustavo Parco Arrondo con data do 23 de setembro de 2021

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao



abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III.- A Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través do seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, impulsa as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV.- A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

V. En decembro de 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais representadas na Federación Española de Municipios



e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o cal contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as institucións, se lles proporciona.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do dito Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, asinaron un acordo de renovación, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A estes efectos, o acordo ten por obxecto impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa de maneira que permitan soste os actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero sinala na súa medida 26 a Realización de campañas que teñan como público obxectivo aos mozos e mozas utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e comunicación, na medida 99 co deseño de políticas específicas para colectivos vulnerables como as mulleres inmigrantes e na 192 co deseño de protocolos específicos ou a incorporación de medidas especializadas para estes colectivos.

VI. A Fundación Juan Soñador é unha entidade de natureza fundacional que foi constituída mediante escritura pública outorgada o 6 de xuño de 2002 co número de protocolo 1008 ante a notaria Ana Margarita de los Mozos Touya do Ilustre Colexio de Valladolid e figura inscrita co número 289, como fundación de asistencia social e cooperación para o desenvolvemento, no Rexistro de fundacións asistenciais en virtude da Orde TAS/2546/2002, do 19 de setembro.

Así mesmo figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-4622.



Recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares cun alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio e tempo libre, de educación de rúa, de promoción da muller e igualdade de xénero. Para iso, conta con equipos educativos profesionais estables e identificados cos seus valores fundamentais: ser axentes de cambio e transformación social por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeitos de dereitos.

VII.- A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos seus dereitos, de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento, de aí o desenvolvemento do *Proxecto Malaikas*.

Entre a poboación migrante, a maior parte son mulleres en risco ou situación de exclusión social (60%), chegadas de diversos países de orixe, culturas, relixións diferentes e diversas identidades sexuais, todas elas teñen un factor común, o feito de vivir nun mundo patriarcal, androcéntrico, onde elas están relegadas a un segundo plano e son tratadas dun modo discriminatorio. Este feito perpetúase incluso nos procesos migratorios, nos que aínda que a maioría das veces son as protagonistas dos procesos, viven relegadas a dinámicas de supeditación machista, que provocan unha baixa autoestima estrutural.

O traballo realizado ao longo de todos estes anos amosa que estas mulleres son as que conseguen as ferramentas que lles favorecen a inclusión social (acceso a recursos, entidades, participación). Son as mulleres migrantes as que, as mais das veces, sosteñen as familias, tanto aquí como nos seus países de orixe, a través do envío de remesas. En moitas ocasións, son elas as que atopan traballo con maior axilidade, as



que aprenden a lingua máis rapidamente, as que aprenden a conciliar a cultura de acollida coa súa propia. E con todo, en moitos dos casos, as súas relacións familiares seguen estando vinculadas ao home como cabeza de familia e dono da súas vidas. As veces, nin sequera poden acceder a un traballo xa que, dende a súa cultura, non está ben visto que a muller traballe en certos postos, ou que simplemente traballe fóra da casa porque ten o deber de coidar o seu marido e a súa prole.

Ademais, en moitas ocasións, é difícil que teñan outras relacións sociais, e se as teñen son con outras mulleres do seu país, non interactuando con mulleres de diferentes culturas. O illamento no que, ás veces, se encontran fai que non teñan as forzas necesarias para empoderarse.

En canto á violencia de xénero, moitas mulleres migrantes sofren violencia por parte das súas parellas. No ano 2024, un 50% das mulleres asasinadas por violencia de xénero foron mulleres de nacionalidade estranxeira.

Por outra banda o contexto actual xeral no que vive a mocidade, está cheo de mensaxes contraditorias que dificultan un pensamento crítico e unha conciencia das desigualdades que vivimos. O imaxinario sexual das persoas adolescentes está alimentado polas redes sociais e o fácil acceso á pornografía, que transmiten unha información distorsionada da sexualidade. A sobreinformación e a información de baixa calidade son hoxe unha realidade social palpable. Esta situación fai que as persoas adolescentes teñan a idea de estar ben informadas.

Así mesmo, as novas poñen de manifesto a violencia sexual como un problema social ao que atender. Fálase do consentimento como obxectivo. Vemos que isto xera unha visión negativa da sexualidade, sobre todo a das mulleres, como un campo no que teñen que estar constantemente en posición autoprotectora. E por iso xorde o proxecto *Berrando ao mundo*, de intervención con adolescentes en situación ou risco de exclusión social para o fomento da igualdade de xénero no que se trata de dar unha visión positiva á sexualidade adolescente e que sexa a decisión sobre o propio corpo e o sentir persoal o que guíe as decisións respecto das relacións sexuais. Do mesmo xeito quérese facer fincapé na responsabilidade persoal que se debe asumir cando se decide relacionarse no eido sexual, e así traballar nun compromiso co bo trato e a comunicación emocional.



VIII.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento destes proxectos que ven desenvolvendo a Fundación Juan Soñador.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario.

O carácter singular do presente Convenio vén determinado por razóns de interese público, no que o interese prioritario é, por unha banda, poder ofertar ás mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social unha serie de ferramentas para o seu empoderamento, para poder acceder en igualdade a recursos que lles permitan evitar relacións e situacións abusivas e de violencia, a través do proxecto Malaikas e, por outra fomentar a igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación ou risco de exclusión social, a través do proxecto Berrando ao mundo.

A Fundación Juan Soñador, é a única entidade de Galicia que traballa directamente coas mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social e persoas mozas en situación ou risco de exclusión abordando a violencia de xénero desde puntos de vista moi diferentes (mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social e persoas mozas) pero co obxectivo común da prevención e atención para atallar a violencia de xénero, e conta con equipos educativos profesionais, estables e identificados nos valores da loita contra a violencia de xénero.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto deste Convenio é instrumentar a concesión dunha subvención, de carácter directo a través da sinatura do presente convenio, pola Consellería de Política Social e



Igualdade en beneficio da Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

a) Proxecto Malaikas: Destinado a previr a violencia de xénero e protexer os dereitos das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, promovendo a súa seguridade, dignidade e autonomía. O proxecto desenvolverase nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

As actuacións subvencionables son:

1. Identificar coas mulleres deste colectivo, os riscos da violencia de xénero, os diferentes tipos de violencia e os recursos dispoñibles para previr e abordar ditas situacións.

2. Acceso a recursos: garantir que as mulleres migrantes vulnerables teñan acceso efectivo a recursos de apoio, asesoramento e programas de empoderamento económico e social.

3. Facilitarlles ferramentas para fortalecer as habilidades de autoestima, comunicación asertiva, resolución de conflitos e toma de decisións para que poidan identificar e enfrontar a violencia de xénero.

b) Proxecto Berrando ao Mundo: Destinado a fomentar a igualdade de xénero entre a poboación adolescente e xuvenil en situación ou risco de exclusión social, cunha metodoloxía activa e participativa. O proxecto desenvolverase nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

Entre as actuacións figuran:

1. Traballar a educación en igualdade con adolescentes e mozas/os en situación ou risco de exclusión para fomentar unha capacidade de reflexión crítica.

2. Aprender a informarse e deconstruír os roles interiorizados.

3. Previr condutas violentas e nocivas nas relacións sexuais.

- Analizar o que saben sobre sexualidade e desbotar mitos.

- Recoñecer e marcar límites nas relacións interpersoais.

SEGUNDA.- ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que conforman



os proxectos que ten previsto desenvolver a Fundación Juan Soñador, ascende á cantidade de 50.000€.

Para sufragar os gastos derivados destes, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará á Fundación Juan Soñador a cantidade de **50.000 € (cincuenta mil euros)** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e códigos de proxectos:

a) Proxecto Malaikas: Importe 35.000 euros, aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A tipoloxía dos gastos correspóndese con gastos de persoal, subministracións e servizos.

O financiamento deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Proxecto Berrando ao Mundo: Importe 15.000 euros, aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. A tipoloxía dos gastos correspóndese con gastos de persoal, subministracións e servizos.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actividades subvencionadas e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2025 e o 10 de decembro de 2025**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal e de subministración e servizos derivados das actividades que conforman os proxectos a desenvolver a través deste convenio.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade subvencionada, desagregada por cada un dos proxectos, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias, localidades e provincias onde se desenvolveu cada acción, resultados obtidos así como calquera outra circunstancia que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na realización destas accións. A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro deste convenio, nos que deben figurar os logos da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Fundación Juan Soñador, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus Números de identificación fiscal (NIF), os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade. Os xustificantes presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- **Non** se admitirán pagamentos en efectivo.
- **Gastos de persoal:** Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio, que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF), retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade beneficiaria, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á



Seguridade Social (RLC).

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflita o importe da retención ou cotización acumuladas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 10 de decembro de 2025, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero con data límite do 12 de decembro de 2025.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade comprobará a realización das actividades e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula quinta deste convenio, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o seu pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se



considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

QUINTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario”*.

Ao abeiro do establecido no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro concédese un anticipo de 17.600 € que representa 35,2% do importe total da subvención concedida.

2. Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

3. Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso se concedesen, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados.

4. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.



SEXTA.- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos, ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade beneficiaria. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso, a persoa interesada deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios



electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Para levar a cabo as actividades, os obxectivos e fins dos proxectos a desenvolver a través da sinatura deste convenio, a entidade beneficiaria poderá contratar con cargo ao seu orzamento o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen os proxectos a subvencionar a través do dito convenio, dependentes da Fundación Juan Soñador, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Consellería de Política Social e Igualdade ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Desenvolver as actuacións que conforman os proxectos a desenvolver a través deste convenio recollidas na cláusula primeira e xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas beneficiarias.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as actuacións, e sempre nas



actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio de Igualdade ademais do da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).

- c) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- d) Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- e) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias fronte á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que levan consigo as actuacións derivadas da execución dos proxectos a desenvolver a través da sinatura deste convenio.
- f) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.
- g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- h) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- i) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto



como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- k) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
 - l) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta á esixida para a execución das actuacións a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
 - As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados, na súa condición de



responsable, pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información



consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e subsidiariamente, e para o caso de que haxa dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do



convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen á execución das actividades subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que xa fosen financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman os proxectos a subvencionar a través deste convenio, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou, aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO QUINTA- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación deste convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEXTA .- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora



acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actuacións que conforman os proxectos previstos no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes que o asinan. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da entidade Juan Soñador, designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como ás súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero designada pola persoa que asuma a Presidencia.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



DÉCIMO OITAVA.- VIXENCIA

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nos proxectos a subvencionar a través do presente convenio, que realizase a Fundación Juan Soñador dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro, coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo, na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola Martínez García

O REPRESENTANTE LEGAL DA
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

Francisco Rodríguez Míguez

